

En cumprimento do establecido no Título Segundo, Capítulo II do Regulamento de Estudos Propios, a Unidade de Estudos Propios ven de fixar o prazo do **11 de abril ao 5 de maio de 2023** para presentar propostas de estudos propios que se vaian impartir no curso 2023-2024.

As propostas formalizaranse a través do sistema de xestión académica SIGMA Academics. O/a coordinador/a do estudo debe comunicar a [direccion.uepp@udc.es](mailto:direccion.uepp@udc.es) antes do **14 de abril** os seguintes datos para solicitar o acceso á persoa encargada da entrada da proposta (tipicamente o/a coordinador/a do título), que debe dispor de credenciais na UDC:

- Título do estudo
- Nome, apelidos e NIF da persoa encargada da entrada da proposta
- Se a persoa para quen se solicita acceso non é a coordinadora do estudo, breve xustificación.

As instrucións para tramitar as solicitudes figuran na dirección web:  
[https://www.udc.es/gl/uepp/informacion\\_coordinadores/](https://www.udc.es/gl/uepp/informacion_coordinadores/)

Para calquera dúbida ou consulta contactar co persoal da Unidade de Estudos Propios (ext. 2392, 2382, [uepp@udc.es](mailto:uepp@udc.es)).

A Coruña, 28 de marzo de 2023

Nancy Vázquez Veiga

Vicerreitora de Planificación Académica e Innovación Docente

DIRECTORES DE ESTUDOS PROPIOS  
DECANOS E DIRECTORES DE CENTROS, DEPARTAMENTOS E INSTITUTOS  
UNIVERSITARIOS

Código Seguro De Verificación	ZHBGHix4artR8CmAwGtW7Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente - Nancy Josefina Vázquez Veiga	Asinado	29/03/2023 12:04:54
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/ZHBGHix4artR8CmAwGtW7Q==">https://sede.udc.gal/services/validation/ZHBGHix4artR8CmAwGtW7Q==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

